**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 26 de xaneiro de 2015**

| **ASISTENTES:**<br>**Membros :** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª Carmen Silva Rego |
| Dª Mª Jesús Lago Rey | D. Carlos López Font |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero | Dª. Olga Alonso Suárez |
| Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. José Manuel Fernández Pérez | |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |
| **Invitados:** | |
| | D. David Regades Fernández |

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(74).-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(75).-PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2015. EXPTE. 5917/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico de do19/01/15 e de fiscalización do 22/01/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Festas, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural e pola concelleira de área e pola de Facenda, que di o seguinte:

*“No ámbito das súas competencias, o Servizo de Festas da concellería de Cultura, Festas e Museos está a traballar na organización o **Entroido 2015**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 13 ao 18 de febreiro, segundo a programación que consta neste expediente anexo II.*

*Por este motivo, con data 9 de xaneiro de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que se iniciase un expediente para a sinatura do convenio de colaboración para a organización deste evento coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e coa Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.*

*Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios de colaboración para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.*

*A xustificación deste convenio vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2.m, 72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribuian a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.*

*Desta forma, o Concello administra a execución dunha actividade de carácter exclusivo por razón do obxecto e cunha clara contraprestación efectiva, concertando a tal fin unha colaboración en exclusiva, por razón do suxeito, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e coa Federación de Peñas “El Olivo”, o cal determina que o financiamento de 85.000,00 euros se execute contra o capítulo 2 do orzamento.*

*O presuposto total do convenio ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora e que figura como Anexo III, a 85.000,00 euros, que incluirá os gastos que se xeren como consecuencia da programación que figura no Anexo II e premios dos concursos recollidos nas bases no Anexo I.*

*Este gasto financiarase con cargo á partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido) por importe de 85.000 €, do programa presupostario prorrogado do presente exercicio, sen que esta cuestión afecte ao normal desenvolvemento de execución do gasto previsto.*

*En relación cos custos do programa, convén incidir na vantaxe da colaboración coas devanditas entidades, na medida que permite rebaixar significativamente os custos de produción do evento, en particular os derivados da participación do seu persoal nas tarefas de coordinación de actividades talés como: Pregón, Entronización do Meco, Animación de rúas, coordinación do mercado, desfile de comparsas, concursos, verbenas, actuacións artísticas, montaxe de infraestruturas, coordinación da carreira popular, coordinación do Entroido infantil, exequias funerarias, queima do Meco, acompañamento da comitiva.*

*As anteditas entidades aportarán ademáis dezaseis xefes/as de equipo que traballarán na coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado para o control do público asistente aos desfiles, e o persoal encargado da coordinación da montaxe, desmonte e control do desfile-concurso de comparsas que conleva a participación de máis de 300 persoas.*

*Esta vantaxe económica esta baseada na comparativa do orzamento relativo dos custos de persoal de coordinación e auxiliar de todas as actividades do Entroido 2015 presentados polas entidades Agrupación de Centros deportivos e Culturais e Federación de Peñas Recreativas El Olivo*

*que ascenden a 16.000,00 € (8.000 € por cada entidade), e unha estimación económica baseada nos prezos de mercado de calquera empresa de servizos de producción de espectáculos. Facendo o cálculo aproximado sobre o número de persoas necesarias para o desenvolvemento do mesmo, a duración do programa (seis días), e o custo por persoa, categoría e número de horas, os custos serían os seguintes:*

*Coordinación e seguimento da montaxe e desmonte de infraestruturas, equipos de luces e son (4 persoas x 18 horas x 30,00€/hora 2.160,00 €; coordinación e control, montaxe, desmonte do desfiles integrado por máis de 30 comparsas (240 persoas x 5 horas x 15,00 € hora) 18.000,00 €; Pregón, entronización e Queima do Meco (8 persoas x 4 horas x 15,00 € hora) 480,00 €; Entroido Infantil 8 (persoas x 8 horas x 15,00 €/hora) 960,00 €; verbenas, espectáculos e actuacións artísticas (8 persoas x 8 horas x 15,00 € hora 960,00 €; coordinación e organización dos xefes de equipos das actividades (2 persoas x 62 horas x 30 €/horas 3.720,00 € que fai un total de 26.280 €.*

*A este importe de 26.280 € relativo a contratación de persoal relacionado coa produción técnica dos eventos habería que engadirlle a contratación de todos os servizos recollidos na programación e que están relacionados no anexo II do convenio.*

*Á vista do que antecede, e coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos e do Xefe do servizo de xestión e promoción cultural, e tras o informe favorable do convenio proposto, e previo informe da Intervención de fondos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

*PROPOSTA.*

*"1º.- Aprobar a proposta de convenio, que se achega ao expediente, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2015, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291, e coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF- G-36.704.666.*

*2º.- Aprobar as bases técnicas de participación e convocatorias nos concursos de comparsas, carrozas e disfraces da edición do Entroido 2015 (anexo I do convenio).*

*3º Aprobar a programación dos actos do Entroido 2015 (anexo II do convenio)*

*4º.- Autorizar un gasto total de 85.000,00 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo a partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido), a favor de:*

- *Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 39.281,00 € (trinta e nove mil douscentos oitenta e uno euros) na conta nº IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade Banco Popular, da que é titular a entidade.*
- *A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade de 45.719,00 € (coarenta e cinco mil setecentos dezanove euros) na conta nº IBAN ES21 2080.5020.0130.4002.3621 domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*<u>“PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2015.</u>*

*Vigo,            de xaneiro de 2015*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO, CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.*

*e Doutra, D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5917/335.*

*En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".*

*Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio*

*M A N I F E S T A N*

*1. Que o Entroido é un dos eventos festivos populares máis participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.*

*2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas e carrozas,  e disfraces; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; pregón, enterro do meco, etc..*

*3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a  programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.*

*Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas estabelecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*C L Á U S U L A S*

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do ENTROIDO 2015 que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades (anexo II) e bases dos diferentes concursos (anexo I) deste convenio.*

*Segunda.- A programación do ENTROIDO 2015 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 13 de febreiro ao mércores, 18 de febreiro de 2015.*

*A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se estabelecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.*

*Terceira.-*

*1º.- O concello de Vigo estabelecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos por importe de 85.000,00 euros para o desenvolvemento da totalidade das actividades do ENTROIDO 2015, que se financiará con cargo ós créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, da partida 3380.227.9906 (convenio organización entroido), do vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.*

*2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade de 85.000 € como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Cultura, Festas e Museos, conforme ao seguinte:*

- *Á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 39.281,00 € (trinta e nove mil douscentos oitenta e uno euros) na conta nº IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade Banco Popular, da que é titular a entidade.*
- *Á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.66 a cantidade de 45.719,00 € (coarenta e cinco mil setecentos dezanove euros) na conta nº IBAN ES21 2080.5020.0130.4002.3621 domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade.*

*Xunto coa solicitude de pagamento as entidades terán que presentar antes da primeira quincena de decembro:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *Terán que presentar xustificantes de pagamento dos premios recollidos nas actas do xurado dos dous concursos mencionados.*

*Cuarta.- Estabelécese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Cultura, Festas e Museos:*

- *Pola Agrupación de Centros deportivos e culturais: o interlocutor titular don Roberto Giráldez Barbeitos e o interlocutor suplente: Avelino Reimondez Rey*
- *Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo": o Interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride*

*Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a Xefa do Servizo de Festas e o Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.*

*Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.*

*A comisión presentará na Concellería de Cultura, Festas e Museos nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.*

*Quinta.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:*

- *Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo II, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*
- *Aportar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.*
- *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- *En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias, deberán ter declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do memo (asinado polo técnico competente).*
- *Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).*
- *Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as "Xefes/as de Equipo" encargados da coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado, (ata oito xefes de equipo por entidade),*
- *Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura do alumbrado do Entroido 2015, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.*
- *Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa:*
  - *Animacións de rúas (murgas, merdeiros, charangas)*
  - *Contratación de espectáculos infantis.*
  - *Contratación das orquestas*
  - *Valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, escenario de 8x6 metros e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.*
  - *Deseño, realización e instalación do Meco.*
  - *Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2015.*
  - *Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.*
  - *Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.*

- *Decoración do Hall do Auditorio para o desenvolvemento dos concursos.*
- *Servizos de cruz vermella.*
- *Megafonía e iluminación.*
- *Reportaxe fotográfica.*
- *Agasallos aos membros dos xurados.*
- *Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*
- *Publicidade (folletos, carteis e lona microperforada para o escenario)*
- *Contratación de todos os gastos derivados da organización da carreira popular.*

*9. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura , Festas e Museos. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:*

- *1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido 2015.*
- *20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.*
- *1 lona para o fondo do palco, reproducindo o cartel do "Entroido 2015" e incorporando os logotipos do Concello de Vigo e máis das entidades colaboradoras e da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.*

*10. Dotar para a coordinación e desenvolemento das actividadades recollidas no programa o persoal que actuará como "Xefes/as de Equipo" para a coordinación das persoal voluntarias inscritas a través da Oficina Municipal de Voluntariado e como persoal de seguimiento e control das actividades. Este persoal terá que levar de forma obrigatoria e en todo momento prendas identificativas.*

*Con respecto as persoas voluntarias voluntarios terán que estar rexistrados na Oficina Municipal de Voluntariado. Así mesmo levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 14 de febreiro, o chaleco identificativo da Oficina Municipal de Voluntariado.*

*Tanto o personal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias da Oficina Municipal de Voluntariado terán prohibido o consumo de alcohol o tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.*

*11. Devolver os espazos e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.*

*12. Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*

*13. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o*

*seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.*

*14. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos estabelecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.*

*15. Presentar na Concellería de Cultura, Festas e Museos a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).*

*16. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura, Festas e Museos, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*

*17. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.*

*18. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfiles-concurso de comparsas e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido estabelecidos.*

*18. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo I e no presuposto anexo III a este convenio.*

*19. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.*

*Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:*

- *O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2015 anexo II, segundo o presuposto que figura no anexo III.*
- *O servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias*
- *Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2015 recollida na programación (anexo II).*

*Sétima.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2015 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.*

*<u>Oitava.</u>- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Cultura, Festas e Museos nas propias actividades que se determinen.*

*<u>Novena.</u>- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura, Festas e Museos e disporá dos depósitos legais que lle correspondan e dos códigos QR. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.*

*O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellería Cultura e Festas, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura, Festas e Museos.*

*Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.*

*A comisión organizadora terá que acreditar as cantidades do material gráfico editado relacionado na cláusula quinta. 5, no momento de xustificar o cumprimento do convenio de acordo co estipulado na cláusula terceira.*

*<u>Décima</u>.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ao orzamento que figura no <u>anexo II</u> e cos prorrateos ós que tivese lugar.*

*<u>Décimo primeira</u>.- O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*<u>Décimo segunda.</u>- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultada para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,*

*POLO CONCELLO DE VIGO:*

*O concelleiro delegado da*
*Área de Cultura, Festas e Museos*
*Cayetano Rodríguez Escudero*

*POLA COMISIÓN ORGANIZADORA:*

| | |
|---|---|
| *Agrupación de Centros Deportivos e Culturais* | *Federación de Peñas recreativas "El Olivo"* |
| *Roberto Giráldez Barbeitos* | *Camilo Pais Martínez* |

*<u>ANEXOS:</u>*
*ANEXO I - Bases dos concursos de comparsas e carrozas.*
*ANEXO II - Programa de actividades*
*ANEXO III - Orzamento de execución"*

**3(76).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO PARA O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO DURANTE 2015. EXPTE. 1082/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico de do19/01/15 e de fiscalización do 22/01/15, dáse conta do informe-proposta dO xefa do servizo de Museos, conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural e pola concelleira de área e pola de Facenda, que di o seguinte:

*<u>“ANTECEDENTES.</u>-*

*<u>Resolución de inicio do expediente.</u>-*

*Con data 6 de xaneiro de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO para financiar o seu programa xeral de actividades e funcionamento durante o ano 2015.*

*<u>Solicitude de subvención da Fundación Marco.</u>-*

*Con data 11 de decembro de 2014 presentarase, no Rexistro Xeral do Concello, o escrito asinado pola dirección da Fundación MARCO, no que se solicita ao Concello de Vigo unha achega de 605.000 € para o exercicio económico 2015, co obxecto de financiar o seu programa xeral de actividades e funcionamento durante ese ano.*

*<u>Acordos iniciais sobre financiamento da Fundación Marco.</u>-*

*O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación MARCO como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación MARCO que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destas entidades en función do orzamento anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.*

*A Fundación está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.*

*A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundación e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.*

*Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindo o compromiso asumido, eximindo “á Caixa” da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.*

*<u>DOCUMENTACIÓN.</u>-*

*A Fundación MARCO ten achegado a seguinte documentación para subvención nominativa de actividades e funcionamento 2015 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.*

*PRESUPOSTO E PROGRAMA ACTIVIDADES / CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.*

- *Solicitude de subvención do Concello de Vigo por importe de 605.000, presentada no Rexistro Xeral do 11 de decembro de 2014 xunto coa seguinte documentación:*
  - *Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2015.*
  - *Avance do programa de actividades para o exercicio económico de 2015.*
  - *Presuposto económico e de actividades 2015.*
  - *Táboas co detalle do total mensual de visitantes en 2014.*
  - *Escrito "Forma de pagamento subvención nominativa Concello de Vigo", no que solicitan o pagamento da subvención por anticipado.*

  *CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-*
  - *Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.*
  - *Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*
  - *Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
  - *Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria co concello de Vigo en período executivo.*
  - *Declaración da Fundación MARCO de non estar incursa en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións de acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*
- *Con data 17 de decembro de 2014, a través do Rexistro Xeral do Concello, a Fundación Marco presenta copia da certificación do acordo do Padroado sobre "Achegas das entidades patrocinadoras e orzamento exercicio 2015", condicionado á dotación definitiva que determine o orzamento municipal ou á contía da prórroga dispoñible.*
- *Tamén presentan nesta data copia do escrito de remisión ao Protectorado de Fundacións do programa e orzamento para 2015 (e copia do programa de exposicións).*

*ORZAMENTO 2015.-*

*Na documentación aportada polo MARCO inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2015, que ascende a un total de 860.571 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2015 que detallan son as seguintes:*

| | |
|---|---|
| ➢ *Concello de Vigo* | *605.000,00 € ( 70,30%);* |
| ➢ *Xunta de Galicia* | *100.000,00 € ( 11,62%);* |
| ➢ *Ministerio de Cultura* | *35.000,00 € (4,07%);* |
| ➢ *Ingresos extraordinarios ou Patrocinios* | *56.397,00 € (6,55%);* |
| ➢ *Ingresos actividades propias* | *47.174,00 € ( 5,48%);* |
| ➢ *Amigos MARCO* | *17.000,00 € ( 1,98%).* |

*A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:*

| | | |
|---|---|---|
| *1.* | *Persoal:* | *315.809,00 € (36,70%);* |
| *2.* | *Gastos xerais (e extraordinarios):* | *300.100,00 € (34,87%);* |
| *3.* | *Actividades (expos., didac., etc.):* | *203.460,00 € (23,64%);* |
| *4.* | *Gastos financeiros e asimilados:* | *5.000,00 € (0,58%);* |
| *5.* | *Outros (Amortizacións):* | *36.202,00 € (4,21%).* |

*A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2015 e a estimación do orzamento de 2014 presenta as seguintes variacións:*

| **INGRESOS** | **Orzamento 2015** | **Estimación 2014** |
|---|---|---|
| **Achegas do Padroado:** | | |
| Concello de Vigo | 605.000 | 605.000 |
| Xunta de Galicia | 100.000 | 100.000 |
| Ministerio de Cultura | 35.000 | 48.730 |
| | **740.000** | **753.730** |
| **Outros ingresos:** | | |
| Ingresos extraordinarios ( Donantes no | 56.397 | 19.376 |
| Ingresos das actividades propias ou Patrocinios | 47.174 | 56.404 |
| Amigos MARCO | 17.000 | 17.360 |
| | **120.571** | **93.140** |
| TOTAL INGRESOS: | **860.571** | **846.870** |

| **GASTOS** | **Orzamento 2015** | **Estimación 2014** |
|---|---|---|
| Persoal | 315.809 | 299.607 |
| Gastos Generales + Extraordinarios | 300.100 | 283.134 |
| Exposiciones | 130.000 | 160.647 |
| Actividades (Didactiva y Amigos sin ser gasto personal) | 73.460 | 73.088 |
| Gastos financeiros | 5.000 | 60 |
| Amortizacións | 36.202 | 39.500 |
| TOTAL GASTOS: | **860.571** | **856.036** |

*VARIACIÓNS PORCENTAXES 2015-2014.-*
*Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2015 e a estimación do orzamento total de 2014 (tomando os datos facilitados polo MARCO no mes de decembro), presenta as seguintes variacións:*

*INGRESOS.-*

| | *2015* | *2014* | *Dif. 2015-2014* |
|---|---|---|---|
| ➢ *Concello de Vigo* | *70,30%* | *71,44 %* | *-1,14%* |
| ➢ *Xunta de Galicia* | *11,62%* | *11,81 %* | *-0,19%* |
| ➢ *Ministerio de Cultura* | *4,07%* | *5,75 %* | *-1,68%* |
| ➢ *Ingresos extraordinarios* | *6,55%* | *2,29 %* | *+4,26%* |
| ➢ *Ingresos activs. propias ou patroc.* | *5,48%* | *6,66 %* | *-1,18%* |
| ➢ *Amigos MARCO* | *1,98%* | *2,05 %* | *-0,07%* |

*GASTOS.-*
*A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:*

| | | 2015 | 2014 | Dif. 2015-2014 |
|---|---|---|---|---|
| 1. | Persoal: | 36,70 % | 35,00% | +1,70% |
| 2. | Gastos xerais (e extraordinarios): | 34,87% | 33,08% | +1,79% |
| 3. | Actividades (expos., didac., etc.): | 23,64% | 27,30% | -3,66% |
| 4. | Gastos financeiros e asimilados: | 0,58% | 0,007% | +0,57% |
| 5. | Amortizacións: | 4,21% | 4,61% | -0,40% |

*PAGAMENTOS ANTICIPADOS DA SUBVENCIÓN.-*
*A Fundación Marco solicita que o Concello de Vigo lle realice os pagamentos da subvención con carácter anticipado, previo á xustificación do gasto, para o que indica un determinado calendario de ingresos anticipados do Concello de Vigo en 2015: antes do 25 de xaneiro, antes do 25 de abril, antes do 25 de xullo e antes do 25 de outubro; así como un calendario de xustificación dos pagamentos anticipados a través de liquidacións trimestrais (antes do 25 de abril, antes do 25 de xullo, antes do 25 de outubro, antes do 25 de novembro).*

*Esta opción, de pagamentos anticipados á xustificación dos gastos, está recollida na Lei 7/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no seu artigo 31.6, parágrafo 2 e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo (base 38.7), que establecen a posibilidade de que polo órgano de goberno competente se poida outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade (que no caso do Marco cumpriría extender tamén ao programa do seu funcionamento).*

*A motivación que xustifica os pagamentos anticipados da subvención outorgada queda detallada no escrito presentado pola Fundación Marco "Forma de pagamento subvención nominativa Concello de Vigo", onde expón o obxectivo de asegurar que os pagamentos aos provedores relacionados coas actividades subvencionadas se realicen dentro dos prazos legalmente establecidos para as Administracións Públicas; tendo en conta da dificultade da Fundación Marco de acceso ao financiamento bancario e a súa consideración en contabilidade nacional como unha unidade institucional pública dependente do Concello de Vigo e por tanto clasificada dentro do Sector das Administracións Públicas.*

*Co calendario proposto pola Fundación Marco de ingresos de pagamentos anticipados e de presentación das liquidacións trimestraias cos correspodentes documentos xustificativos, nunca habería máis dun 50% do importe concedido pendente de xustificación.*

*LEXISLACIÓN APLICABLE.-*
*A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Marco durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa:*

- *Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003);*
- *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007;*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003;*
- *Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.*

*A concesión da subvención directa á Fundación MARCO de Vigo axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; polo interese público e social que*

*supón para a cidade de Vigo a actividade da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades para xestionar o Museo; quedando acreditada a concordancia do seu programa de actividades cos seus fins recollidos nos seus Estatutos e documento de constitución, de tal forma que non é susceptible de concorrencia competitiva.*

*ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-*
*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

*FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-*
*A subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO, ten como obxecto financiar o programa de actividades e funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo no ano 2015 con cargo ao presuposto prorrogado de 2014 do Concello de Vigo para o ano 2015, na partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO" cunha dotación de 605.000 €.*

*A subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO DE VIGO.*
*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de acordo.*

*A documentación presentada pola Fundación MARCO de Vigo, resulta axeitada para acreditar o cumprimento dos seus fins e actividades, polo que, por parte do Servizo de Museos Municipais considérase que se lle debe outorgar a subvención solicitada. É por isto que, coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, tras os informes xurídico (do Secretario da Administración xeral) e da Intervención Municipal, faise a seguinte*

*PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*"PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) á Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2015, con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO", que figura no orzamento prorrogado de 2014 do Concello de Vigo para o ano 2015.*

*"SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para funcionamento e actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.*
*A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2014 para o exercicio económico de 2015 do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade e funcionamento da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades; acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu*

*regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002). Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa achega, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que a forma de levalo a cabo é contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento; de tal forma que a subvención non sería susceptible de concorrencia competitiva.*

*"TERCEIRO.- CONDICIÓNS E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.*

*Aprobar as condicións de concesión da subvención á Fundación MARCO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A Fundación MARCO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:*

*PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN MARCO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao orzamento de 2015.*

*As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN MARCO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións, actividades didácticas, cursos para adultos, conmemoracións, servizos e actividades da biblioteca-centro de documentación, actividades da Agrupación de Amigos do Marco, visitas guiadas e outros servizos, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.*

*SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.*

*O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 860.571 €. A FUNDACIÓN MARCO financiará o seu programa do seguinte xeito:*

- *605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO" do presuposto prorrogado de 2014 do Concello de Vigo para o ano 2015; que supoñen o 70,30 % do total do presuposto.*
- *Xunta de Galicia 100.000,00 € ( 11,62%)*
- *Ministerio de Cultura 35.000,00 € (4,07%)*
- *Ingresos extraordinarios 56.397,00 € (6,55%)*
- *Ingresos actividades propias ou patroc. 47.174,00 € ( 5,48%)*
- *Amigos MARCO 17.000,00 € ( 1,98%)*

*TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.*

1. *Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.*
2. *Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN MARCO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.*
3. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.*
4. *Colaborar co Concello de Vigo coa participación da Fundación MARCO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.*
5. *Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de*

actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).

6. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN MARCO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición TERCEIRA do presente acordo de concesión da subvención.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo de Arte Contemporánea, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.*

*A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*
*A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-*
*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.*

*SÉTIMA.- PAGAMENTOS E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.*
*O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2015 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:*

a) *Unha primeira achega con xustificación diferida antes do 25 de xaneiro de 2015 (ou tralo acordo de concesión da XGL), por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe antes do 25 de abril de 2015.*
b) *Unha segunda achega con xustificación diferida antes do 25 de abril de 2015, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe antes do 25 de xullo de 2015.*
c) *Unha terceira achega con xustificación diferida antes do 25 de xullo de 2015, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe antes do 25 de outubro de 2015.*
d) *Unha cuarta achega, con xustificación diferida antes do 25 de outubro de 2015, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe e da totalidade da subvención antes do 25 de novembro de 2015.*

*DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS ANTICIPADOS.-*
*Para cada unha das achegas anticipadas.-*

a) *Solicitude de pagamento anticipado, con xustificación diferida, de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
b) *Informe sobre actividades e funcionamento previstos para cada período, así como os gastos e ingresos previstos.*

c) *Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.*

*Coa terceira solicitude de pagamento anticipado: Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc.; certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade; acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daqueloutras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.*

*DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS ACHEGAS RECIBIDAS POLA FUNDACIÓN MARCO.-*

*Para cada unha das achegas e de acordo co calendario de xustificación das achegas anticipadas.-*

a) *Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.*
b) *Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do MARCO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*
c) *Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.*
d) *Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.*
e) *Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.*
f) *Copias das convocatoria e actas do Padroado da Fundación Marco.*
g) *Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.*
h) *A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que: a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b) a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordeamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario.*

*Para a liquidación da subvención.-*

*Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2015, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación antes do 25 de novembro de 2015:*

a) *Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
b) *Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2015, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:*

- *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*
- *Memoria de prensa.*
- *Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*
- *Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN MARCO, perderá o dereito á mesma.*

*Ademais da conta xustificativa, poderían recabarse as facturas acreditativas do gasto que deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarían a disposición do Concello de Vigo; non se admitirían facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computaríase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN MARCO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderían aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.*

*A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*

*A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*<u>GASTOS SUBVENCIONABLES</u>.-*

*Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2015, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un limite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).*

*COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-*
*Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.*

*A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).*

*OITAVA.-*
*Ao tratarse a Fundación MARCO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumplimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.*

*Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.*

*Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014,de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.*

*Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mesualmente a publicación dos datos do período medio de pago a proveedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de*

*cálculo do período medio de pago a proveedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

*NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.*
*O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.*

*DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.*
*A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2015, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.*
*O presente acordo de subvención non é prorrogable.*

*DÉCIMA PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.*
*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento."*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**OSPIO**

**4(77).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E ZAMORA)". EXPTE. 2831/443.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 26/01/2015, do xefe de área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado e informado xuridicamente polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*Localidade e situación: AVDA. HISPANIDADE.*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*
*Autor/a do proxecto: Dª. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ (INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS).*
*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*
*Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES VALE, SL.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: Dª. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ (INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS).*
*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Dª. DELIA EIRÓ DOMÍNGUEZ (CONSTRUCCIONES VALE, SL.).*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA).*
*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: Dª. DELIA EIRÓ DOMÍNGUEZ (CONSTRUCCIONES VALE, SL.).*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "TERMINACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E ZAMORA)".*

2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES VALE, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

<u>Acordo</u>:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(78).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE". EXPTE. 2827/443.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 22/01/2015, do xefe de área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado e informado xuridicamente polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*"Localidade e situación: RÚA PAZOS E ENTRONQUE.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*
*Autor/a do proxecto: D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, Dª BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.*
*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*
*Contratista titular do plan: UTE ACEVI, SL.-MONTAJES IGLESIAS, SL.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico:D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, Dª BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.*
*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. RAFAEL CABO LANDEIRA (UTE ACEVI, SL.-MONTAJES IGLESIAS, SL.).*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA).*
*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: UTE ACEVI, SL.-MONTAJES IGLESIAS, SL.*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

*PROPOSTA:*

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE".*

2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria UTE ACEVI, SL.-MONTAJES IGLESIAS, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(79).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2828/443.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 22/01/2015, do xefe de área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado e informado xuridicamente polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*"Localidade e situación: RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ.*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*
*Autor/a do proxecto: D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, D. ANTONIO IGLESIAS ÁLVARO-GRACIA.*
*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*
*Contratista titular do plan: UTE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico:D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN, D. ANTONIO IGLESIAS ÁLVARO-GRACIA.*
*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. PABLO SÁENZ VILLAR (UTE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ).*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JUAN COSTAS FERNÁNDEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).*
*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: UTE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

> *-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*
>
> *-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de*

*Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO".*

2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria UTE JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(80).-NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTUATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "HUMANIZAICÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2829/443.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 22/01/2015, do xefe de área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado e polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*"1.- Antecedentes:*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. (Expte 2757/440).*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. (Expte 2757/440).*

*2.- Fundamentos xurídicos:*

*O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2757/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.*

*Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.*

*No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2757/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, pudendo recaer o cargo no director facultativo das obras.*

*A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".*

*Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que conten coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).*

*En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que "a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).*

*Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: "construcións hidráulicas e civís", "iluminación e saneamento", "aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias", "xeración", "transformación", "transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións" e "comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación".*

*Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (…) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (…) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.*

*En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estaturias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.*

*En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. (Expte 2757/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa María Berdiales, sendo adxudicados os servizos a CSM. GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:*

*–D. OSCAR PEREIRO TAIBO, DNI. 46897042-L, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación, Colexiado VR 907 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.*

*En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da rúa María Berdiales, considérase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.*

*O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).*

*3.- Proposta:*

*Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:*

*Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da rúa María Berdiales, (expte: 2757/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*

*Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa María Berdiales (expte: 2757/440) ao Técnico da empresa CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL., D. OSCAR PEREIRO TAIBO, DNI. 46897042-L, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación, Colexiado VR 907 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.*

*Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. (Expte 2757/440).”*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(81).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADIOS DA OBRA “RENOVAICÓN DE DERES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO CASCO URBÁN. FASE 1B”. EXPTE. 2572/443.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 23/01/2015, do xefe de área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado e polo asesor xurídico, que di o seguinte:

*“A vista do informe de intervención firmado en data 17 de decembro de 2014, incorporase ao proxecto a autorización de obras de Augas de Galicia de data 01 de xullo de 2014. Así mesmo, incorporase a resolución da autorización do proxecto emitida polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 25 de marzo de 2014, que engloba a autorización da actuación no entorno do Parque de Castrelos. Ademáis recodificase o indice xeral para que sexa coincidente co contido do proxecto.*

*Antecedentes*
*I.- A Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 26 de xullo de 2013 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 29 de xullo, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano, fase 1B”.*

*II.- En cumprimento de dito acordo en data 14 de novembro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos da consultoría de enxeñería “GALAICONTROL”, Dª Trinidad López Rodríguez cun orzamento de 145.664,71 euros, IVE excluído.*

*III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 17.214,26 euros, IVE excluído.*

*Fundamentos Xurídicos*

*Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.*

*Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuizo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.*

*Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano, fase 1B. O prazo estimado para a execución das obras é de 4 meses.*

*O artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de*

*supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 11 de decembro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.*

*Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.*

*No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 11 de decembro de 2014 consta que os prezos unitarios incluidos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.*

*Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 11 de decembro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.*

*Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO CASO URBANO. FASE 1B. por un importe total de 145.664,71 euros (IVE excluido), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.*

*Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 17.214,26 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:*

| Custe asociado | Responsable do traballo | Honorarios |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 2.448,15 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 2.448,15 € |
| Coordinacion de seguridade e saúde | PROYEGAL | 612,04 € |
| Dirección arqueolóxica | ADRO | 10.000,00 € |
| | SUMA | 15.508,34 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 1.705,92 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 17.214,26 € |

*Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.”*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(82).-ENCOMENDA A AQUALIA DA REDACCIÓN DO PROXECTO "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60". EXPTE. 3057/440.**

Examinadas as actuacións do expediente,dáse conta do informe-proposta do 23/01/2015, do xefe de área de Fomento, que di o seguinte:

*"ANTECEDENTES:*
*A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.*

*Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.*

*Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.*

*Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 22 de xaneiro de 2015 no que indica que se considera necesaria a renovación da rede de saneamento por estar en moi mal estado, e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 23 de xaneiro de 2015, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*
*PROPOSTA:*

*1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60" considerado de urxencia e execución inaprazable.*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(83).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL – DECEMBRO 2014. EXPTE. 43087/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/01/2015, dáse conta do informe-proposta do 23/01/2015, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*"Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestion Municipal de data 22/01/2015 ordease ao Servizo de Recursos Humanos que se proceda de xeito urxente a incoación do correspondente expediente administrativo para a tramitación da petición efectuada en informe da xefatura do servizo de Policia Local (43087-212), aos efectos de que se proceda á emisión dos informes técnicos, informe-proposta e informe preceptivo de fiscalización que procedan nos termos da lexislación vixente, ao obxecto de someter a aprobación da Xunta de Goberno Local dun complemento de productividade aos empregados municipais do servizo da policia Local relacionados no informe indicado por servizos prestados no período temporal exposto*

*No expediente 43087-212 , se relacionan 260 funcionarios do Servizo da Policia Local para os cales se solicitan complementos de produtividade pola sua especial adicacion e profesionalidade demostrada no mes de decembro de 2014 según informe asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado polo Concelleiro Delegado da Area e que supon un importe total de 77331,83€, ainda que por error aritmetico, na prosposta do Servizo da Policia Local figura a cantidade de 77123.18€.*

*O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicadoa no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Unha das innovacións introducidas no marco normativo do EBEP concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estructura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así -non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de productividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de productividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da productividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de productividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instruccións sobre plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:*

*“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de productividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das suas competencias, atribuidas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de productividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de productividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.*

*–Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*–Será estimado mediante informe pormenorizado do resposable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e disponibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,*

*/...../*

*O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral,  sen prexuizo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servicio da Corporación, sempre que a productividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións  complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesion de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de productividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de productividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*A Xefatura do Servizo da Policia Local xustifica no informe que forma parte deste expediente, a efectiva realización dunha actividade extraordinaria desempeñada co correspondente interese e iniciativa positivos, acreditando a procedencia do recoñecemento dun incentivo ao rendemento, encadrado baixo o concepto retributivo de complemento de productividade e propoñéndose o outorgamento do mesmo aos efectivos contidos nas relacións adxuntas.*

*Sen prexuízo do antedito, deben considerarse as circunstancias especiais que afectan directamente aos servizos públicos que prestan os efectivos propostos para o aboamento de complemento de produtividade e que derivan directamente do marco legal vixente:*

*O artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, redactado polo numero ocho do artigo primeiro da lei 27/2013, 27 dicembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de competencias propias, preceptuando que:*

*"El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:*
*/..../*
*f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.*
*/.../*
*j) Protección de la salubridad pública.*
*/..../*
*k) Cementerios y actividades funerarias.*
*Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, nos anteditos acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014, acordou definir como servizos públicos esenciais, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais. Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está xustificada a efectiva realización dos mesmos por parte da xefatura do Servizo da Policia Local, tal e como pode observarse no informe de data 17/12/2014*

*Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas no informe asinado pola Xefatura do Servizo da Policia Local podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instruccións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.*

*Enténdese igualmente, e aos efectos de dar cumprimento ás previsións das vixentes instruccións sobre plantilla, que deberá procederse á aprobación, como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de productividade ao servizo da Policía Local, os criterios obxectivos de devengo contidos no informe da xefatura do servizo concretados en:*

*-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo e a demanda de actividades non previstas.*

*-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes existentes no Servizo.*

*-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo (seguridade dos cidadáns, auxilia nos momentos de maior gravidade, actividades sociais, institucionais, e de participación cidadá, etc)*

*-cooperación con diferentes entidades ( D.G.T., CNP, etc).*

*En identica liña, e entendendo que a xefatura dos servizo toma como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar o importe das xornadas de disponibilidade segundo o Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2014 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2013).*

*Debe considerarse especialmente, tanto por parte da Xunta de Goberno Local como polo órgano responsable do asesoramento xurídico á mesma, o marco legal de excepcionalidade actualmente vixente en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, xa sinalado anteriormente.*

*En consecuencia, por parte do Servizo de Recursos Humanos estímase oportuno deixar constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asínase <u>sempre que a mesma respete os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia</u>,*

*Asi mesmo, se fai constar aos efectos oportunos en relación cos prazos que para a emisión dos informes contempla o artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de xeito da necesidade de dispor por parte deste Servizo do tempo suficiente para a emision de informes e tramitacion dos expedientes.*

*Resulta necesaria a previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 920.0150.00.00- "Productividade".*

*En consecuencia, vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"PRIMEIRO.- Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de productividade ao servizo da Policía Local, os criterios que seguidamente se indican, contidos no informe da xefatura do servizo de data 22/01/2015*

*--reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo e a demanda de actividades non previstas.*

*-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período2013 e 2014.*

*-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo (seguridade dos cidadáns, auxilia nos momentos de maior gravidade, actividades sociais, institucionais, e de participación cidadá, etc)*

*-cooperación con diferentes entidades ( D.G.T., CNP, etc).*

*SEGUNDO.- Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar, o importe das xornadas de disponibilidade segundo o Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2014 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2013).*

*TERCEIRO.- Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de productividade aos efectivos que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informe do servizo de Policia Local correspondentes ao mes de decembro de 2014, nos termos das vixentes Instruccións sobre plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 77331,83 €, en tal concepto, aos empregados municipais que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, segundo os criterios e polos importes contidos nos apartados Primeiro e Segundo do presente acordo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade".*

*CUARTO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*QUINTO.- Notificar o presente acordo á Xefatura do Corpo da Policía Local, Concellería-delegada da Área correspondente, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos".*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

***Anexo I***

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 18320 | INTENDENTE | CARBALLO ACUÑA, ALBERTO | 281,00 € |
| 77815 | INSPECTOR PRINCIPAL | CARBALLO ACUÑA, FRANCISCO JAVIER | 256,77 € |
| 76470 | INSPECTOR PRINCIPAL | FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO | 256,77 € |
| 15906 | INSPECTOR | ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA | 749,25 € |
| 18388 | INSPECTOR | ARENAS VILLARROEL, SANTIAGO A. | 499,50 € |
| 14284 | INSPECTOR | BOUZAS NOVAS, JOSÉ | 499,50 € |
| 21048 | INSPECTOR | GARCIA SILVA, ENRIQUE | 249,75 € |
| 16774 | INSPECTOR | GIL DOMINGUEZ, FRANCISCO A. | 499,50 € |
| 15728 | INSPECTOR | HERRERA OYA, EMILIO RAFAEL | 749,25 € |
| 12523 | INSPECTOR | LÓPEZ ALVAREZ, JAVIER | 499,50 € |
| 18299 | INSPECTOR | MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS | 499,50 € |
| 18425 | INSPECTOR | PEREZ RODRIGUEZ, RAMÓN | 249,75 € |
| 21108 | INSPECTOR | PITILLAS TORRÁ, FRANCISCO JAVIER | 499,50 € |
| 14367 | INSPECTOR | REGUERA RIVERO, MANUEL AGUSTÍN | 249,75 € |
| 77020 | INSPECTOR | RIO DIZ, PABLO DEL | 499,50 € |
| 16952 | INSPECTOR | SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL | 499,50 € |
| 16886 | OFICIAL | BLAS FONDOS, JOSE LUÍS | 444,38 € |
| 23053 | OFICIAL | CASAL PIÑEIRO, JULIO | 444,38 € |
| 76475 | OFICIAL | COSTAS PEREZ, DAVID | 444,38 € |
| 77026 | OFICIAL | DOMINGUEZ ALONSO, FRANCISCO | 222,19 € |
| 14203 | OFICIAL | ESTEVEZ ALBELA, JOSE MANUEL | 444,38 € |
| 16969 | OFICIAL | FERNANDEZ SOTELO, JUAN RAMÓN | 444,38 € |
| 76478 | OFICIAL | GARCÍA VEIRO, JOSÉ ARMANDO | 222,19 € |
| 22289 | OFICIAL | LEIROS ORGE, CARLOS | 222,19 € |
| 14321 | OFICIAL | MARON LORENZO, JUAN ANTONIO | 444,38 € |
| 77039 | OFICIAL | MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS | 222,19 € |
| 14806 | OFICIAL | MOO GARCIA, JOSE MANUEL | 222,19 € |
| 17130 | OFICIAL | NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER | 222,19 € |
| 78763 | OFICIAL | OTERO SOTELO, MARCOS | 444,38 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 78128 | OFICIAL | PARDO LÁZARA, GERMÁN | 444,38 € |
| 18276 | OFICIAL | PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN | 444,38 € |
| 76477 | OFICIAL | PORTO JUSTO, FRANCISCO JOSE | 444,38 € |
| 17147 | OFICIAL | ROLO SILVA, JOSE LUÍS | 444,38 € |
| 78287 | OFICIAL | SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL | 444,38 € |
| 22378 | OFICIAL | VAZQUEZ ALONSO, ALBERTO | 222,19 € |
| 21479 | OFICIAL | VIEITEZ OITABEN, MARIA JOSE | 444,38 € |
| 77689 | OFICIAL | VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSÉ | 444,38 € |
| 21031 | OFICIAL | VILLAR SALGUEIRO, JAIME | 222,19 € |
| 78129 | POLICIA | ABALDE CASANOVA, JESÚS IVÁN | 208,65 € |
| 14315 | POLICIA | ABALLE GONZALEZ, MANUEL | 417,30 € |
| 80597 | POLICIA | AGAHWA MARTÍNEZ, CELINA | 208,65 € |
| 78743 | POLICIA | AIRABELLA MARRA, FRANCISCO JOSE | 208,65 € |
| 17070 | POLICIA | ALONSO BLANCO, CELSO | 208,65 € |
| 21137 | POLICIA | ALONSO CARIDE, CONSTANTE | 208,65 € |
| 79107 | POLICIA | ALONSO COUÑAGO, CÉSAR | 208,65 € |
| 79364 | POLICIA | ALONSO DUARTE, DAVID | 208,65 € |
| 23047 | POLICIA | ALONSO IGLESIAS, MANUEL | 417,30 € |
| 22310 | POLICIA | ALONSO IGLESIAS, MARIANO | 208,65 € |
| 14255 | POLICIA | ALONSO MOREIRA, JOSE LUÍS | 208,65 € |
| 22480 | POLICIA | ALONSO VILA, ANGEL LUÍS | 417,30 € |
| 21083 | POLICIA | ALVAREZ CAMPOS, DIEGO | 208,65 € |
| 21090 | POLICIA | ALVAREZ DOMINGUEZ, MARIA JOSÉ | 417,30 € |
| 78744 | POLICIA | ALVAREZ GARCIA, JAVIER | 417,30 € |
| 15875 | POLICIA | ALVAREZ LOUREIRO, ALEJANDRO | 417,30 € |
| 80590 | POLICIA | ÁLVAREZ PENA, MARÍA | 208,65 € |
| 79103 | POLICIA | ANTEPAZO BRUN, PABLO | 417,30 € |
| 23886 | POLICIA | ARAUJO SANCHEZ, ANGELES Mª | 417,30 € |
| 77022 | POLICIA | ARBONES LAGO, GUILLERMO | 221,65 € |
| 78745 | POLICIA | ARGIBAY CUSI, DIEGO | 208,65 € |
| 21456 | POLICIA | AVENDAÑO OTERO, BIENVENIDO | 417,30 € |
| 14976 | POLICIA | BARCIELA FERNANDEZ, DORINDA | 417,30 € |
| 77044 | POLICIA | BARCIELA RIVERA, MANUEL | 417,30 € |
| 79355 | POLICIA | BARROSO PARADA, SANTIAGO | 208,65 € |
| 17029 | POLICIA | BASTOS GARCIA, JOSE MANUEL | 417,30 € |
| 14344 | POLICIA | BASTOS RODRIGUEZ, FERNANDO | 417,30 € |
| 76481 | POLICIA | BECOÑA IGLESIAS, LAUREANO | 417,30 € |
| 12144 | POLICIA | BELLO ROCA, JOSE MARIA | 417,30 € |
| 79381 | POLICIA | BERGES MARTINEZ, PABLO | 247,65 € |
| 12664 | POLICIA | BERNARDEZ PEREZ, SERAFIN | 208,65 € |
| 17176 | POLICIA | BORRAJO RODRIGUEZ, ADOLFO | 208,65 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 81931 | POLICIA | BOSQUE RODRIGUEZ, JOSE MANUEL DEL | 208,65 € |
| 80580 | POLICIA | BUENO ALONSO, ABEL | 208,65 € |
| 16001 | POLICIA | CABALEIRO VIDAL, MARIO | 208,65 € |
| 79361 | POLICIA | CALDAS BLANCO, MARCELO | 208,65 € |
| 77017 | POLICIA | CALVO DIAZ, SANTIAGO | 208,65 € |
| 79119 | POLICIA | CALVO ESTÉVEZ, DAVID | 417,30 € |
| 78746 | POLICIA | CAMAÑO MENDUIÑA, MANUEL | 208,65 € |
| 78747 | POLICIA | CAMPOS CEREIJO, DAVID | 221,65 € |
| 79375 | POLICIA | CAMPOS FERNANDEZ, ENRIQUE | 208,65 € |
| 18313 | POLICIA | CAMPOS IGLESIAS, ENRIQUE | 208,65 € |
| 10493 | POLICIA | CARBALLO RODRIGUEZ, MANUEL | 208,65 € |
| 18224 | POLICIA | CARDOSO REGUEIRO, MIGUEL ANGEL | 417,30 € |
| 78748 | POLICIA | CASAL CASAS, ANGEL | 208,65 € |
| 23060 | POLICIA | CASAS ALDEREGUIA, JOSE Mª | 208,65 € |
| 21545 | POLICIA | CASAS GONZALEZ, CESAR | 208,65 € |
| 81922 | POLICIA | CASTRO COSTAS, JUAN MANUEL | 208,65 € |
| 80601 | POLICIA | CASTRO DELGADO, JUAN | 208,65 € |
| 79374 | POLICIA | CASTRO LOPEZ, JOSE ANTONIO | 208,65 € |
| 14373 | POLICIA | CAYETANO NAVARRO, ALVARO MIGUEL | 208,65 € |
| 81960 | POLICIA | COLMENERO DE LA TORRE, LUÍS | 625,95 € |
| 15154 | POLICIA | COMESAÑA DENIS, CRISTINA | 208,65 € |
| 81932 | POLICIA | COMESAÑA ROSENDE, JORGE ENRIQUE | 417,30 € |
| 14172 | POLICIA | CONCHA SAGARRA, LUÍS ANTONIO | 417,30 € |
| 22250 | POLICIA | CONDE VAZQUEZ, MANUEL | 208,65 € |
| 77025 | POLICIA | CORTES BAUTISTA, JOSE MIGUEL | 208,65 € |
| 22243 | POLICIA | COSTAS ARAN, JUAN | 208,65 € |
| 76480 | POLICIA | COSTAS BASTOS, ALEJANDRO | 417,30 € |
| 81961 | POLICIA | COSTAS FERNANDEZ, ANA BELEN | 208,65 € |
| 78135 | POLICIA | COSTAS PÉREZ, RUBÉN CARLOS | 208,65 € |
| 22272 | POLICIA | COUSIÑO SENDIN, JOSE MANUEL | 208,65 € |
| 18454 | POLICIA | COUSIÑO SENDIN, RAMÓN | 208,65 € |
| 78749 | POLICIA | COVELO COSTAS, JUAN MIGUEL | 417,30 € |
| 81925 | POLICIA | CUESTA AIACHI, JOSE | 208,65 € |
| 21120 | POLICIA | CHAMORRO GONZALEZ, JOSE M. | 208,65 € |
| 77019 | POLICIA | CHANTADA ABOLLO, RAMÓN | 208,65 € |
| 81926 | POLICIA | CHORÉN PÉREZ, JACOBO | 208,65 € |
| 77037 | POLICIA | DAVILA ALVAREZ, ALFREDO | 208,65 € |
| 77018 | POLICIA | DIEGUEZ RAPOSEIRAS, JORGE GILBERTO | 208,65 € |
| 18448 | POLICIA | DIOS COSTAS, MIGUEL ANGEL DE | 208,65 € |
| 14812 | POLICIA | DOMINGUEZ COSTA, SEVERINO | 208,65 € |
| 78137 | POLICIA | DOMINGUEZ VÁZQUEZ, DANIEL JOSE MANUEL | 208,65 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 81921 | POLICIA | DOMINGUEZ VEIGA, ADRIÁN | 417,30 € |
| 22303 | POLICIA | DOMINGUEZ VILA, VICENTE | 208,65 € |
| 79348 | POLICIA | EIRIZ DE VICENTE, ROLANDO JOSE | 208,65 € |
| 10560 | POLICIA | FERNANDEZ CONDE, PERFECTO | 417,30 € |
| 14195 | POLICIA | FERNANDEZ COSTAS, Mª MERCEDES | 208,65 € |
| 23076 | POLICIA | FERNANDEZ ESTEVEZ, SEBASTIAN | 417,30 € |
| 79115 | POLICIA | FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, DAVID | 208,65 € |
| 18419 | POLICIA | FERNANDEZ IGLESIAS, ROBERTO | 234,65 € |
| 80591 | POLICIA | FERNÁNDEZ LEMOS, TANIA | 208,65 € |
| 77028 | POLICIA | FERNANDEZ LOPEZ, DAVID | 208,65 € |
| 17182 | POLICIA | FERNANDEZ LORENZO, CARLOS | 208,65 € |
| 23969 | POLICIA | FERNANDEZ OSORIO, FRANCISCO JAVIER | 208,65 € |
| 16857 | POLICIA | FERNANDEZ RIOS, JAIME | 417,30 € |
| 16946 | POLICIA | FILGUEIRA CORREA, FRANCISCO JOSE | 417,30 € |
| 16930 | POLICIA | FORJANES ALONSO, ANTONIO | 208,65 € |
| 79382 | POLICIA | FUERTES SANCHEZ, JESUS | 417,30 € |
| 79351 | POLICIA | GALLEGO LORENZO, OSCAR | 417,30 € |
| 78752 | POLICIA | GARCIA CARIDE, RUBEN | 208,65 € |
| 79384 | POLICIA | GARCIA GIL, ALBERTO | 208,65 € |
| 78753 | POLICIA | GARCIA GONZALEZ, DAVID | 221,65 € |
| 10346 | POLICIA | GARCIA LOPEZ, SIRO | 417,30 € |
| 80595 | POLICIA | GARCÍA RODRÍGUEZ, ENRIQUE | 208,65 € |
| 18158 | POLICIA | GARRIDO RODRIGUEZ, JOSE | 417,30 € |
| 81929 | POLICIA | GIL FERNANDEZ, JOSE RUBEN | 208,65 € |
| 18164 | POLICIA | GIL GREGORIO, JUAN ANTONIO | 417,30 € |
| 81965 | POLICIA | GOMEZ FERREIRA, FERNANDO | 208,65 € |
| 78754 | POLICIA | GOMEZ OTERO, ANTONIO MANUEL | 208,65 € |
| 81919 | POLICIA | GONZALEZ ACEA, ABRAHAM | 208,65 € |
| 23082 | POLICIA | GONZALEZ ARIAS, ANTONIO | 417,30 € |
| 80593 | POLICIA | GONZÁLEZ CASTILLO, JESÚS MARCO | 208,65 € |
| 21025 | POLICIA | GONZALEZ GARCIA, KATIA MARIA | 208,65 € |
| 16834 | POLICIA | GONZALEZ GARCIA, MANUEL | 208,65 € |
| 14150 | POLICIA | GONZALEZ GARRIDO, ANTONIO | 208,65 € |
| 14350 | POLICIA | GONZALEZ GONZALEZ, MANUEL | 417,30 € |
| 78755 | POLICIA | GONZALEZ POSADA, LUÍS | 208,65 € |
| 14835 | POLICIA | GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MIGUEL JOSE | 417,30 € |
| 78132 | POLICIA | GONZÁLEZ SUÁREZ, CÉSAR | 208,65 € |
| 79110 | POLICIA | GONZÁLEZ VÁZQUEZ, JORGE | 208,65 € |
| 79356 | POLICIA | GREGORIO SELAS, MIGUEL | 221,65 € |
| 80592 | POLICIA | GUEDELLA FERNÁNDEZ, ANTONIO | 208,65 € |
| 12606 | POLICIA | GUENAGA CANO, JUAN RAMÓN | 417,30 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 80585 | POLICIA | GUTIERREZ GIMENEZ, BRAULIO | 208,65 € |
| 16892 | POLICIA | IGLESIAS COSTAS, FRANCISCO | 208,65 € |
| 14960 | POLICIA | IGLESIAS FERNANDEZ, CARLOS | 417,30 € |
| 80594 | POLICIA | IGLESIAS MELEIRO, RUBÉN | 208,65 € |
| 80583 | POLICIA | IGLESIAS RODRÍGUEZ, UNAY | 208,65 € |
| 12641 | POLICIA | JIMENEZ ALVARADO, JAVIER | 208,65 € |
| 23099 | POLICIA | JORGE GARCIA, JAVIER | 208,65 € |
| 78756 | POLICIA | JUNCAL LAGOA, MIGUEL ANGEL | 208,65 € |
| 18460 | POLICIA | JUSTE IGLESIAS, ANTONIO | 417,30 € |
| 79112 | POLICIA | LAGO MUÑOZ, SONIA | 208,65 € |
| 14404 | POLICIA | LEDO SOBRADO, MARINA | 208,65 € |
| 78758 | POLICIA | LEMOS MARTINEZ, JESUS | 208,65 € |
| 18394 | POLICIA | LOPEZ BURGO, JUAN CARLOS | 208,65 € |
| 78759 | POLICIA | LOPEZ REIS, DIEGO | 417,30 € |
| 16828 | POLICIA | LOPEZ VAZQUEZ, ISIDRO | 208,65 € |
| 78760 | POLICIA | LORENZO ALONSO, ROBERTO | 208,65 € |
| 23107 | POLICIA | LORENZO CAMPO, Mª ISABEL | 208,65 € |
| 79120 | POLICIA | MACEIRA ACUÑA, JUAN CARLOS | 417,30 € |
| 78761 | POLICIA | MACENLLE DIAZ, MARIA DEL PILAR | 625,95 € |
| 79116 | POLICIA | MARCILLA URBANO, RUBÉN | 208,65 € |
| 18247 | POLICIA | MARTINEZ DAFONTE, SANTIAGO | 208,65 € |
| 79363 | POLICIA | MARTÍNEZ LINO, PEDRO | 208,65 € |
| 81920 | POLICIA | MARTINEZ MUÑIZ, MIGUEL ANGEL | 208,65 € |
| 22266 | POLICIA | MARTINEZ PAMPILLON, PERGENTINO | 417,30 € |
| 15898 | POLICIA | MARTINEZ POSADA, ROSA | 208,65 € |
| 77029 | POLICIA | MARTINEZ POSADA, VICENTE | 208,65 € |
| 17199 | POLICIA | MENDEZ PAZ, RICARDO A. | 208,65 € |
| 79357 | POLICIA | MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO | 208,65 € |
| 77043 | POLICIA | MOLINA MAGDALENA, FERNANDO | 208,65 € |
| 79443 | POLICIA | MORAL SOTO, ENRIQUE | 417,30 € |
| 23120 | POLICIA | MOREIRA PEREIRA, ARACELI | 208,65 € |
| 17124 | POLICIA | MOREIRA VALIÑO, RAFAEL | 417,30 € |
| 15935 | POLICIA | MOSQUERA FERNANDEZ, ELVIRA | 417,30 € |
| 12629 | POLICIA | MOURIÑO AMIL, JOSE MANUEL | 417,30 € |
| 16998 | POLICIA | NOVAS ALDAO, MANUEL | 417,30 € |
| 80588 | POLICIA | NOVAS MARTÍNEZ, SERAFÍN | 208,65 € |
| 16751 | POLICIA | OGANDO PAREDES, FRANCISCO JAVIER | 208,65 € |
| 79360 | POLICIA | OJEA GONZALEZ, ROBERTO | 208,65 € |
| 80584 | POLICIA | OTERO PENELA, FERNANDO | 208,65 € |
| 80578 | POLICIA | OTERO VILLAR, EZEQUIEL | 208,65 € |
| 18336 | POLICIA | PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS | 208,65 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| 79376 | POLICIA | PEÑA SOLIÑO, AITOR | 208,65 € |
| 79380 | POLICIA | PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE | 208,65 € |
| 18187 | POLICIA | PEREIRO SIMÓN, FERNANDO | 208,65 € |
| 23142 | POLICIA | PEREZ COSTAS, JOSE LUÍS | 208,65 € |
| 81933 | POLICIA | PEREZ DIZ, JUAN PABLO | 417,30 € |
| 15830 | POLICIA | PEREZ EIROA, CONCEPCION E. | 208,65 € |
| 78286 | POLICIA | PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUÍS | 417,30 € |
| 77021 | POLICIA | PEREZ FERNANDEZ, MANUEL | 417,30 € |
| 78765 | POLICIA | PEREZ LANDESA, MANUEL F. | 417,30 € |
| 23596 | POLICIA | PEREZ MINIÑO, ELOY | 417,30 € |
| 78766 | POLICIA | PEREZ MOSQUERA, GABRIEL | 208,65 € |
| 18260 | POLICIA | PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO | 208,65 € |
| 78767 | POLICIA | PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO | 208,65 € |
| 12380 | POLICIA | PEREZ SOTO, JESUS | 417,30 € |
| 78768 | POLICIA | PEREZ VAZQUEZ, CARLOS | 208,65 € |
| 79362 | POLICIA | PESADO FERNANDEZ, PABLO | 417,30 € |
| 76474 | POLICIA | PIÑEIRO GOMEZ, JOSEFA | 208,65 € |
| 14189 | POLICIA | PIÑEIRO PEREZ, ISIDRO | 208,65 € |
| 79111 | POLICIA | PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ | 208,65 € |
| 17006 | POLICIA | PRIETO CASAL, CEFERINO | 417,30 € |
| 21060 | POLICIA | PRIETO GONZÁLEZ, NILO | 208,65 € |
| 23604 | POLICIA | PROL BRION, JORGE | 417,30 € |
| 78284 | POLICIA | QUINTEIRO VARELA, PABLO | 208,65 € |
| 23159 | POLICIA | RIAL EIRAS, MARTIN | 208,65 € |
| 78131 | POLICIA | RIO DIZ, DANIEL DEL | 417,30 € |
| 16840 | POLICIA | RIVERA ALEN, RAMÓN | 208,65 € |
| 15846 | POLICIA | RIVERA LOPEZ, DEOLINDA | 208,65 € |
| 23610 | POLICIA | RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA | 208,65 € |
| 80576 | POLICIA | RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL | 417,30 € |
| 81963 | POLICIA | RODRIGUEZ POUSA, MATIAS | 417,30 € |
| 78771 | POLICIA | RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL | 417,30 € |
| 12530 | POLICIA | RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER | 208,65 € |
| 79117 | POLICIA | RODRÍGUEZ VILLAR, ÓSCAR | 417,30 € |
| 77040 | POLICIA | SAAVEDRA GONZÁLEZ, NARCISO | 208,65 € |
| 81928 | POLICIA | SANCHEZ COMESAÑA, GUSTAVO | 208,65 € |
| 79118 | POLICIA | SÁNCHEZ FRANCO, DIEGO | 208,65 € |
| 21114 | POLICIA | SANCHEZ PEREZ, GERARDO | 208,65 € |
| 12397 | POLICIA | SANJUAN PEREZ, JOSE | 417,30 € |
| 23188 | POLICIA | SANTIAGO GONZALEZ, JUAN JOSE | 208,65 € |
| 78772 | POLICIA | SANTOS REFOJOS, DAVID | 208,65 € |
| 78130 | POLICIA | SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL | 208,65 € |

| NP | POSTO | NOME | DICIEMBRE |
|---|---|---|---|
| *81934* | *POLICIA* | *SILVA BLANCO, JOSE* | *208,65 €* |
| *77031* | *POLICIA* | *SILVA GONZALEZ, ADOLFO ANDRES* | *208,65 €* |
| *78134* | *POLICIA* | *SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA* | *208,65 €* |
| *12374* | *POLICIA* | *SUAREZ CARBAJO, ADOLFO* | *417,30 €* |
| *12121* | *POLICIA* | *SUAREZ GARCIA, ANTONIO* | *417,30 €* |
| *78283* | *POLICIA* | *SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID* | *417,30 €* |
| *12612* | *POLICIA* | *TABOADA PARDO, CELSO* | *208,65 €* |
| *80600* | *POLICIA* | *TELLA DOVAL, JOSÉ MARÍA* | *208,65 €* |
| *80598* | *POLICIA* | *TOUCEDO ALONSO, JOSÉ* | *417,30 €* |
| *79358* | *POLICIA* | *TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE* | *417,30 €* |
| *77038* | *POLICIA* | *TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL* | *417,30 €* |
| *80579* | *POLICIA* | *UBEIRA GROSIO, PATRICIA* | *208,65 €* |
| *81930* | *POLICIA* | *VARELA ESTEVEZ, JOSE MANUEL* | *417,30 €* |
| *81923* | *POLICIA* | *VARELA VILA, JAVIER* | *208,65 €* |
| *18402* | *POLICIA* | *VAZQUEZ ALVAREZ, MIGUEL* | *208,65 €* |
| *79114* | *POLICIA* | *VÁZQUEZ ARIAS, ROBERTO* | *625,95 €* |
| *14210* | *POLICIA* | *VAZQUEZ MARIN, ANTONIO* | *208,65 €* |
| *81964* | *POLICIA* | *VEIGA SOUSA, JOSE ANTONIO* | *417,30 €* |
| *79378* | *POLICIA* | *VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL* | *208,65 €* |
| *76476* | *POLICIA* | *VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO* | *208,65 €* |
| *79108* | *POLICIA* | *VIDAL MACÍA, RAMÓN* | *208,65 €* |
| *18193* | *POLICIA* | *VIGO QUIROS, EMILIO* | *208,65 €* |
| *79106* | *POLICIA* | *VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL* | *417,30 €* |
| *77027* | *POLICIA* | *VILLAR MIGUELEZ, MANUEL* | *417,30 €* |
| *80581* | *POLICIA* | *VILLAR SILVA, AIDA* | *208,65 €* |
| *23975* | *POLICIA* | *VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO* | *208,65 €* |

*"*

Acordo:
A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.